

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

Día: 25.05.2018      Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunírase o próximo día 25 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Elección da Secretaría da comisión**

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 22511 (10/POC-003685)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis  
Sobre as iniciativas que prevé desenvolver a Consellería do Mar para avanzar nos procedementos de cogobernanza e as xestións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia ante outras administracións para defender os mecanismos de cogobernanza a nivel estatal e comunitario  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018*
- 2.2 22693 (10/POC-003743)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis  
Sobre os traballos que está a levar a cabo a Consellería do Mar para a instalación dun novo dique flotante no porto de Portonovo, así como os prazos estimados por Portos de Galicia para a súa colocación definitiva  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018*
- 2.3 28340 (10/POC-004556)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de portos e lonxas de interese xeral e a súa opinión referida ás medidas adoptadas de xeito unilateral pola Autoridade Portuaria de Vigo para a loita contra a fraude e a venda ilegal de peixe, así como a súa posible incidencia no arranxo dos problemas do sector  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018*
- 2.4 29014 (10/POC-004656)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns dos requisitos e límites establecidos na Resolución de Portos de Galicia do 26 de setembro de 2017, para a autorización da ocupación das zonas portuarias co fin de realizar espectáculos públicos ou actividades recreativas, así como a valoración polo Goberno galego respecto das súas repercusións

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018*

- 2.5            29803 (10/POC-004747)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Santos Queiruga, Carmen  
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de sardiña asignada á frota galega do xeito para o ano 2018, así como o prazo previsto para o exercicio das súas competencias en augas interiores no referido a esta problemática  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018*
- 2.6            30382 (10/POC-004821)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Santos Queiruga, Carmen  
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar as perdas económicas ocasionadas pola diminución de capturas do polbo e loitar contra o furtivismo durante a súa veda  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018*
- 2.7            30447 (10/POC-004828)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores  
Sobre as decisións ou medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar a conflictividade existente e garantir o correcto funcionamento da Confraría de Pescadores de Carril, así como a súa valoración respecto da situación que se está a vivir nela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018*
- 2.8            30722 (10/POC-004861)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para defender o dereito dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega a percibir dese estado unha pensión de xubilación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

## **Vogais**

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 25.05.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.        Elección da Secretaría da comisión

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 22511(10/POC-003685)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre as iniciativas que prevé desenvolver a Consellería do Mar para avanzar nos procedementos de cogobernanza e as xestións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia ante outras administracións para defender os mecanismos de cogobernanza a nivel estatal e comunitario

*Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2018 12:34  
Nº Rexistro: 22511  
Data envío: 09/01/2018 12:34:27.794

### Á Mesa do Parlamento

Carlos Enrique López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Marián García Míguez e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Ao longo dos últimos anos as distintas institucións veñen insistindo na importancia da cogobernanza para mellorar o proceso de toma de decisións. De feito, nas institucións comunitarias pero, en xeral, no conxunto das administracións europeas, entenden que a cogobernanza é unha ferramenta moi útil para mellorar a dinámica democrática, implicar máis aos cidadáns na definición de políticas e lexislación e que estas gañen en eficacia.

A pesca, o marisqueo, a acuicultura, non deben ser sectores alleos a este obxectivo e de feito a propia Consellería do Mar, no exercicio da súa acción executiva, insiste na importancia de dar máis protagonismo ao sector na actualización do armazón administrativo e normativo marítimo-pesqueiro, co obxectivo de que a cogobernanza sexa unha realidade.

Así por exemplo observamos como a Xunta dá máis participación aos representantes directos dos profesionais do mar a través do Consello Galego de Pesca, cuxo papel está a verse reforzado, desde o punto de vista consultivo pero tamén como canle a través da cal desenvolver a participación e defensa dos intereses do sector pesqueiro. O mesmo sentido ten o papel preponderante que se lles dá ás confrarías de pescadores e as súas federacións.

Xa sexa na administración máis próxima ao cidadán, como naquela que ten o lugar de decisión máis lonxe, introducir mecanismos de cogobernanza garanten unha mellor adecuación da labor lexislativa e executiva coa vontade maioritaria do sector. Algo especialmente necesario en ámbitos como o marítimo-pesqueiro onde as decisións deben procurar sempre buscar unha sostibilidade equilibrada nos eidos ambientais, económicos e sociais.

Para acadar esta sostibilidade, unha dos procedementos de maior éxito e fundamental será, precisamente, o traballo conxunto do sector, dos científicos e das administracións, para mellorar a precisión dos informes científicos e afianzar unha política auténtica e máis acertada.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2018 12:34  
Nº Rexistro: 22511  
Data envío: 09/01/2018 12:34:27.794**

En relación con este asunto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1.- Que iniciativas ten previsto desenvolver a Consellería do Mar para avanzar en procedementos de cogobernanza e conseguir maior implicación do sector no proceso de toma de decisións no ámbito marítimo-pesqueiro?
- 2.- Que xestión ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia diante doutras administracións para defender os mecanismos de cogobernanza tanto a nivel estatal como comunitario?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 09/01/2018 12:28:26**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/01/2018 12:28:38**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2018 12:28:47**

**Daniel Vega Pérez na data 09/01/2018 12:29:02**

**Diego Calvo Pouso na data 09/01/2018 12:29:16**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2018 12:29:48**

**María Ángeles García Míguez na data 09/01/2018 12:30:01**

**Marta Rodríguez Arias na data 09/01/2018 12:30:12**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 22693(10/POC-003743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre os traballos que está a levar a cabo a Consellería do Mar para a instalación dun novo dique flotante no porto de Portonovo, así como os prazos estimados por Portos de Galicia para a súa colocación definitiva

*Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018*

### Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

No porto de Portonovo teñen base 31 buques pesqueiros, dos cales 25 se dedican a artes menores e 6 ao cerco. A maiores, as súas instalacións náuticas contan cun grande número de embarcacións que elixen este porto como refuxio, especialmente nos meses máis turísticos.

O pasado mes de maio, o presidente do ente público Portos de Galicia visitaba esta vila costeira para coñecer de primeira man os traballos que a Consellería do Mar está a desenvolver neste lugar, consistentes na instalación dun dique flotante para minorar o efecto das ondaxes que afectan ás embarcacións, especialmente nos meses de temporais. O obxectivo é frear o custe que supón o feito de pagar unha media de 30.000 euros ao ano por desperfectos ocasionados polas marexadas.

A instalación desta estrutura flotante e movable foi elixida entre outras opcións, xa que unha fixa necesitaría unha declaración de impacto ambiental, polo que dilataría máis no tempo a súa colocación, amais de no achegar melloras substanciais na protección dos amarres.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formúlan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. En que consiste máis detalladamente a instalación deste novo dique flotante no porto de Portonovo?
2. Que prazos barallan dende o ente público para a súa colocación definitiva?

Santiago de Compostela, 11 xaneiro de 2.018

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 11/01/2018 09:49:29**



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/01/2018 09:53  
Nº Rexistro: 22693  
Data envío: 11/01/2018 09:53:49.484**

**Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2018 09:49:44**

**María Ángeles García Míguez na data 11/01/2018 09:50:01**

**María Soraya Salorio Porral na data 11/01/2018 09:50:08**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 09:50:22**

**Diego Calvo Pouso na data 11/01/2018 09:51:05**

**Marta Rodríguez Arias na data 11/01/2018 09:51:21**

**Daniel Vega Pérez na data 11/01/2018 09:51:34**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 28340(10/POC-004556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de portos e lonxas de interese xeral e a súa opinión referida ás medidas adoptadas de xeito unilateral pola Autoridade Portuaria de Vigo para a loita contra a fraude e a venda ilegal de peixe, así como a súa posible incidencia no arranxo dos problemas do sector

*Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2018 09:30  
Nº Rexistro: 28340  
Data envío: 21/03/2018 18:30:02.938

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa a reclamar as competencias para Galiza sobre os portos e as lonxas de interese xeral.

A Autoridade Portuaria de Vigo, que preside López Veiga acordou tomar determinadas medidas para escenificar a súa loita contra o fraude e a venda ilegal de peixe, pero está tendo nos medios de comunicación unha dura contestación por parte de determinados colectivos de armadores, ata o punto de denunciar que ditas medidas non foron consensuadas ou que as mesmas son desproporcionadas, irrealizábeis e que van supor maior carga de traballo e maior custe.

Algunhas delas como informar antes da chegada a porto cunha antelación suficiente ou indicar as cantidades descargadas van na mesma liña das impostas por Madrid, sen decatarse que moitos días están tan cerca de terra que lles é imposible comunicar coa antelación suficiente ou que cando chegan a porto, moito do peixe aínda está sen escoller e acabase escollendo e clasificando no propio peirao.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/03/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 28340**

Data envío: 21/03/2018 18:30:02.938

O desacordo con estas medidas unilaterais é tal que algún colectivo de armadores ameaza con desprazar as descargas a outros portos como Marín, Ribeira e a Coruña, e incluso de pedir o traslado do porto base dos barcos.

Despois da destitución do Xefe de Explotación Pesqueira, semella que o presidente ameaza con tomar medidas para acabar coa suposta trama de venda ilegal adoptando medidas sen falar co sector nin coa consellaría competente na materia.

O sorprendente é que tendo a Consellería do Mar con competencias en ordenación do sector pesqueiro, descarga e primeira venda, permita unhas medidas unilaterais, que non gardan relación con outras que se levan a cabo noutras coñecidas lonxas do país, dependentes do goberno galego, o que indica a falta de control por parte do Goberno galego das lonxas dos chamados portos de interese xeral, de competencia do Estado, que sos verdadeiros reinos de taifas.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai o Goberno galego reclamar para Galiza as competencias sobre os portos, e polo tanto as lonxas, clasificados de interese xeral que están baixo o ámbito competencial do Estado español?

-Que opinión lle merece as medidas tomadas pola Autoridade Portuaria de Vigo?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2018 09:30  
Nº Rexistro: 28340  
Data envío: 21/03/2018 18:30:02.938

-Coida que estas medidas van solucionar algún dos problemas que ten o sector?

-Está de acordo coas medidas unilaterais tomadas que non gardan relación con outras que se levan a cabo noutras coñecidas lonxas do país, dependentes do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2018 18:29:44**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/03/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 28340**  
Data envío: 21/03/2018 18:30:02.938

**Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2018 18:29:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2018 18:29:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2018 18:29:51**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2018 18:29:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2018 18:29:55**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 29014(10/POC-004656)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns dos requisitos e límites establecidos na Resolución de Portos de Galicia do 26 de setembro de 2017, para a autorización da ocupación das zonas portuarias co fin de realizar espectáculos públicos ou actividades recreativas, así como a valoración polo Goberno galego respecto das súas repercusións

*Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A resolución do 26/09/2017 de Portos de Galicia, da Consellería do Mar, publicada no DOG 190 de 5 de outubro de 2017, pola que se regulan os criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas está a causar graves inconvenientes nas vilas costeiras galegas, en parte motivadas por non adaptarse á súa realidade social, na que se veñen desenvolvendo tradicionalmente actividades diarias na zona portuaria por atoparse totalmente integrada no núcleo de poboación.

Un dos casos máis recentes produciuse en Malpica, ante a Festa da Xuventude que carecía de permisos por non ter carácter mariñeiro nin gran arraigo ou tradición. Igualmente ocorría en Mugardos coa celebración da II Milla Urbana Nocturna que foi denegado porque “a actividade solicitada non se atopa dentro dos eventos lúdicos autorizables”.

É difícil comprender a denegación destes permisos, cando por un lado, especialmente no segundo caso trátase de promover unha actividade deportiva, saudable, nun momento no que o deporte se atope en auge, e ao igual que acontece noutros concellos, a zona portuaria adoitase utilizar para a colocación de meta e avituallamento. Igualmente, cun turismo que está fortemente estacionalizado, este tipo de actividades contribúen ao reactivamento económico das zonas, fóra da época estival.

Nunha Galicia en regresión demográfica, cun grave problema de envellecemento e cunha pirámide poboacional invertida, os enormes esforzos que fan as administracións locais para atraer e reter esa xuventude atópanse coas trabas constantes do Goberno Galego, o cal non deixa de ser paradoxal, porque todas as administracións deberían remar a favor de repoboar Galicia de xente nova que traia o dinamismo as ditas poboacións. Galicia precisa oportunidades de traballo e de ocio para a xente nova.

Todo isto non é mais que o reflexo dunha forma de gobernar e dunha ideoloxía que privilexia uns intereses que a maior parte das veces non son os comúns ou os xerais, como cabería esperar do uso dos ben públicos.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/04/2018 11:41  
Nº Rexistro: 29014  
Data envío: 09/04/2018 11:41:36.079



**Grupo Parlamentario**

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que tantos obstáculos para realizar actividades que suporían un ben común para as zonas costeiras?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Valorou o Goberno galego, con motivo desta resolución todas as repercusións negativas que representan as trabas burocráticas para o desenvolvemento de actividades desestacionalizadoras nas zonas costeiras?

3ª) Como valora o Goberno galego a repercusións que terá non poder realizar a II Milla Urbana Nocturna en Mugardos?

4ª) Cando se incluiron as actividades deportivas de carácter náutico na resolución, excluindo o resto de actividades deportivas, valoraron se esa situación se corresponde coa realidade social galega das vilas costeiras ou se trata dun uso elitista dos espazos portuarios, a que intereses representa esta limitación?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2018 11:30:02**

**Julio Torrado Quintela na data 09/04/2018 11:30:20**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 29803(10/POC-004747)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de sardiña asignada á frota galega do xeito para o ano 2018, así como o prazo previsto para o exercicio das súas competencias en augas interiores no referido a esta problemática

*Publicación da iniciativa, 300, 04.05.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

Hoxe podemos afirmar que as frotas do Cerco e o Xeito de Galicia dipoñen do peor cupo de sardiña da historia. O recorte derivado do plan conxunto supón un problema de supervivencia brutal para ambos sectores de flota. Ademais a situación ventaxosa acadada por Portugal para a súa frota, ven a demostrar unha vez mais incapacidade do Goberno galego e central para defender os intereses dos pescadores galegos.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>Toneladas</b>	15.021	13.828	15.459	10.773	8.308	4.531	4.808	3.307	4.374	3.453

Como se desprende do cadro anterior de descargas a cota para o 2018 2.860 toneladas son un atraco as nosas posibilidades de pesca de sardiña, situando o 2018 no pero resultado da serie histórica e 4 veces inferior a situación que se atopou o PP a súa chegada ao goberno, o que demostra a súa incapacidade para xestionar a pesca de Galicia.

Si a situación é grave para a frota do certo, no xeito estamos ante unha situación inasumible e un novo ataque aos seus intereses. Cando a Xunta ten na súa man a formula para evitar a debacle económica deste sector de frota, exercendo as competencias que lle son recoñecidas en augas interiores a Xunta no Estatuto, Constitución e normas europeas.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/04/2018 13:18**  
**Nº Registro: 29803**  
Data envío: 20/04/2018 13:18:25.540



Recoñecemento que incluso esta recollido no informa da valedora do pobo do 2017 que expresamente di que o stock da sardiña ibérica non se atopa so en “augas interiores (as únicas de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia)”. Evidenciando con esta información os argumentos defendidos nesta Cámara durante a lexislatura pasada por AGE e que nunca puideron ser contrarrestados pola administración galega, da necesidade de exercer a nosa capacidade de decisión en augas interiores, e polo tanto facer un plan de xestión propio para o xeito alleo as decisión adoptadas no marco da UE e do acordo bilateral con Portugal, permitindo mellor a situación dramática deste acordo que suporá para os barcos do xeito a ridícula cantidade acordade de 125 toneladas para todo o 2018

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de **En Marea**, formula a seguinte **Pregunta** para resposta oral na Comisión 8.<sup>a</sup>

Que opinión ten a Xunta deste inxusto reparto para a frota galega, cando ten pensado exercer as súas competencias en augas interiores no que se refire a esta problemática?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 20/04/2018 13:16:21**



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 30382(10/POC-004821)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar as perdas económicas ocasionadas pola diminución de capturas do polbo e loitar contra o furtivismo durante a súa veda

*Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na comisión 8.ª de Pesca e Marisqueo**.

O duro inverno deste ano dificultou moito a captura do polbo e nin tan sequera axudou á súa recuperación. Non houbo ningunha boa noticia para a frota galega. As capturas caeron en picado e o prezo do produto disparouse sen que o aumento da cotización permitira cubrir os seus custes. Segundo os datos da plataforma Pesca de Galicia, en marzo do ano pasado as lonxas galegas comercializaran 2,5 millóns de quilos e ingresaran máis de 15 millóns de euros. Na actualidade, as capturas ronda os 1, 2 millóns de quilos e a facturación roza os 11 millóns. Trátase dos peores datos do decenio, moi por debaixo dos 1,5 millóns de quilos que foron descargados nos anos 2012-2013, 2013-2014 e 2015-2016, os peores anos ata o de agora.

Con este panorama, a frota viuse na obriga de pactar unha veda de 6 semanas que comeza o próximo 18 de maio e remata o 2 de xullo. Os aparellos terán que ser retirados a partir do 18 de maio e contarase con tres días para facelo. Análogas condicións haberá na volta ao traballo o 2 de xullo.

O sector confía en que a veda permita a recuperación do polbo, pero non considera xusta a fórmula do descanso, xa que non vai acompañada de axudas públicas que lles permitan saír adiante. Nun ano tan malo como o actual, iso supón un duro revés para a frota galega, que, de novo, volve sufrir o desleixo da Xunta de Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/05/2018 16:30  
Nº Rexistro: 30382  
Data envío: 03/05/2018 15:53:34.324



Ademais, se non se toman as medidas de control oportunas, a veda pode supoñer unha oportunidade para o furtivismo e unha dificultade engadida para as persoas que viven do mar e que respectan o marco normativo.

Así, o Goberno da Xunta tería que tomar medidas polo menos para garantir dúas cousas: que, por unha banda, a veda non asfixie ao sector pesqueiro que depende da captura do polbo e que, por outra, a veda non premie ás persoas que traballan ao marxe da lei.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para compensar as enormes perdas que supuxo a diminución de capturas do polbo?
- Que medidas pensa adoptar para loitar contra o furtivismo durante a veda? Ten a intención de facer algo ao respecto para protexer a uns e perseguir a outros ou pensa ficar á marxe?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/05/2018 16:30**  
**Nº Registro: 30382**  
Data envío: 03/05/2018 15:53:34.324

**Carmen Santos Queiruga na data 03/05/2018 15:52:16**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.7 30447(10/POC-004828)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as decisións ou medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar a conflitividade existente e garantir o correcto funcionamento da Confraría de Pescadores de Carril, así como a súa valoración respecto da situación que se está a vivir nela

*Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018*



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A Confraría de Carril (Vilagarcía de Arousa) está a vivir nos últimos tempos unha etapa convulsa, protagonizada por constantes conflitos entre os seus membros, nos que a dirección está a ter un papel central e resulta ser foco central da situación e das confrontacións con outros colectivos pertencentes á mesma confraría.

Estes sucesos, tras varios de días de conflictividade, remataron en agresións físicas con lesións e denuncias e contribuíron a enturbiar a xa alterada actividade na Confraría de Carril, ante a absoluta inacción da Xunta de Galicia e da Consellería do Mar, que non da tomado ningunha medida nin proposto ningún mecanismo de diálogo, entendemento e/ou orde.

As confrontacións entre o sector de marisqueiro a pé e a Xunta Xeral da Confraría, son unha dinámica habitual na actividade da confraría. Estas confrontacións foron denunciadas por algunhas das mariscadoras na Xunta de Galicia, á Valedora do Pobo e incluso pola vía xudicial.

Ante estas denuncias diante da Xunta de Galicia, a única actuación feita pola Consellería do Mar foi remitir un requirimento á confraría, instándolle a "cumprir coa legalidade vixente".

A Valedora do Pobo emitiu un informe dirixido ao patrón maior onde se lle esixe o cumprimento cos principios de transparencia, facilitando a información que ten carácter pública para as persoas asociadas á confraría.

Hai denuncias presentadas por algunha das mariscadoras pola imposibilidade de vender o seu marisco na lonxa, denuncias das que a día de hoxe non hai sentenza. A bióloga da confraría vén de denunciar



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

unha situación de presións no seu traballo, refrendado por sentenza xudicial do pasado mes de marzo que apuntaba á “vulneración de dereitos fundamentais” no relativo ao seu traballo, pero que non se está a cumprir como ordenou o xulgado.

A totalidade dos grupos políticos representados no Concello de Vilagarcía presentaron e apoiaron unanimemente unha moción municipal, cuxa parte resolutiva solicitaba instar:

*1.- Á Xunta de Xeral da Confraría de Carril:*

- a) A normalizar a actividade da Confraría.*
- b) A cumprir, tal que como se lle require dende a Xunta de Galicia, coa legalidade vixente.*
- c) A dar cumprimento ao Informe da Valedora do Pobo aos principios de transparencia e bo goberno, no exercicio do seu mandato.*

*2.- Á Xunta de Galicia:*

- a) A intervir de maneira eficaz para garantir o normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril, para evitar a actual conflitividade entre o sector do marisqueo a pé e a Xunta Xeral.*
- b) A garantir o cumprimento da lexislación vixente na xestión da Confraría de Carril e en todas as confrarías de Galicia.*

A situación da Confraría de Carril afecta a un sector estratéxico dende o punto de vista económico, pero tamén ao plano social pola relevancia que a entidade ten na convivencia social da vila.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non traballa por evitar a conflitividade na Confraría de Carril?



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha decisión ou medida que promova a non conflitividade na Confraría de Carril e garanta o correcto funcionamento da entidade?

3. Considera a Xunta de Galicia que non ten ningunha responsabilidade no proceso conflitivo que se vén dando nos últimos tempos na Confraría de Carril?

4. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a situación actual que se vive na Confraría de Carril?

5. Como cre a Xunta de Galicia que se vai resolver a conflitividade na confraría de Carril se non intervéñ para facilitalo?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Dolores Toja Suárez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:35:05**

**María Dolores Toja Suárez na data 03/05/2018 17:35:10**



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 25.05.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.8 30722(10/POC-004861)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para defender o dereito dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega a percibir dese estado unha pensión de xubilación

*Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/05/2018 11:07  
Nº Rexistro: 30722  
Data envío: 09/05/2018 11:07:07.123

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa a demandar do Estado español que leve a cabo medidas legais contra Noruega para defender os dereitos dos mariñeiros galegos embarcados en buques deste país aos que se lles está a negar as súas pensións de xubilación.

Como se sabe, Noruega non recoñece pensións de xubilación aos nosos traballadores do mar embarcados nos seus buques até o ano 1994, máis de 12.000, segundo a asociación Long Hope, por carecer da condición de residentes mentres traballaban alí, pagando os seus impostos. A súa actual desprotección agrávase polo feito de que o Estado español non computou o tempo de embarque nestes buques para o cálculo aquí de prestacións de seguridade social. Un grave problema de desamparo legal recoñecido pola Comisión Europea, que se desentendeu do asunto proponendo un convenio bilateral de seguridade social entre España e Noruega, mais sempre considerando que esta desprotección por falla de residencia era legal antes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Dende logo, a resposta sería distinta de terse analizado a residencia como requisito de afiliación ao sistema noruego de seguridade social desde o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que permite cualificar como condición excluínente e discriminatoria esixir a residencia para tal



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/05/2018 11:07**  
**Nº Rexistro: 30722**

Data envío: 09/05/2018 11:07:07.123

inclusión, tamén antes de 1994, ao vulnerar dereitos fundamentais universalmente recoñecidos, xa que, reparando na xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, hai diferenza de trato discriminatorio por razón de nacionalidade, ao non esixirse a residencia, polo contrario, os nacionais noruegos empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoábel para iso.

Hai unha desigualdade de trato en materia de seguridade social que supón unha vulneración do artigo 14 do Convenio Europeo de Dereitos humanos „relativo á “prohibición de discriminación”, en relación co establecido no artigo 1, sobre “protección da propiedade”, do protocolo 1 do citado Convenio. O remedio xurídico a esta diferenza de trato discriminatoria por razón de nacionalidade na esixencia do requisito da residencia sen xustificación obxectiva e razoábel, pódeno atopar os nosos mariñeiros emigrantes no propio Convenio Europeo de Dereitos Humanos. O Convenio contempla un sistema específico de protección do conxunto de dereitos e liberdades fundamentais que figura no seu contido, que está centrado na figura do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e cuxa actividade de control actívase a partir sempre da interposición de demandas interestatais, artigo 33, e de demandas individuais, artigo 34.

Dacordo co artigo 33 do Convenio “Asuntos Interestatais” o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por un estado parte do Convenio contra outro estado que tamén o sexa, que é polo que recibe tamén a denominación de “demanda interestatal”. A xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos rexistra a presenza deste tipo de demandas, razón pola que no caso dos nosos mariñeiros emigrantes embarcados en buques noruegos, cabe a posibilidade legal de que sexa o Estado español quen poida denunciar a Noruega por vulneración dos dereitos fundamentais de aqueles traballadores discriminados por razón da súa nacionalidade.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/05/2018 11:07**  
**Nº Rexistro: 30722**

Data envío: 09/05/2018 11:07:07.123

Segundo o artigo 34 do Convenio, o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por particulares, de modo que, sempre no noso caso, deberían selos propios traballadores do mar en barcos noruegos os que tivesen que preitear, mais sobor da base de que as súas demandas contra Noruega deberían cumprir a “condicións de admisibilidade” do artigo 35 do Convenio, o que supón esgotar todas as vías xudiciais internas do Estado parte demandado para darlle “a posibilidade de reparar por si mesmo e en primeiro lugar, a nivel nacional, a violación alegada”, isto é, antes de demandar a Noguega ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tense que reclamar nos tribunais de dito estado até a última instancia.

A pesares de o Parlamento Galego ter solicitado en varias ocasións, a través de acordos aprobados por unanimidade de todas as forzas políticas con representación no mesmo, ao Goberno español, aínda non quixo interpoñer unha “demanda interestatal”. Por esta razón, os propios afectados escomezaron o procedemento presentando unha demanda individual. Víronse forzados a empregar este remedio procesual, que, en comparación coa vía das demandas interestatais, é máis dilatado no tempo, as persoas implicadas resultan ser de moi avanzada idade en moitos casos, e tamén máis custoso economicamente para as persoas e familias implicadas, co que se agrava a súa delicada situación económica, non hai que esquecer que moitas delas están en situacións de necesidade realmente clamorosas por causa do desamparo no que viven. Por iso se ten aproveitado habilmente o Reino de Noruega.

Na súa estratexia xudicial, o Reino de Noruega, situou aos nosos mariñeiros emigrantes nun labirinto xudicial realmente custoso, a día de hoxe as persoas



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/05/2018 11:07**  
**Nº Rexistro: 30722**

Data envío: 09/05/2018 11:07:07.123

afectadas tiveron gastos xudiciais por valor de 70.000 euros e sen aparente saída, sempre co fin de lograr que pase o tempo, vaian finando as persoas afectadas, e evitar en definitiva, ser xulgado polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Así o confirman os feitos. Primeiro, a sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017 que falla declarando que non hai vulneración de dereitos fundamentais por falta de protección social en Noruega; despois a sentenza da Corte suprema de Noruega de 17 de xullo de 2017 que responde negativamente á solicitude de Long Hope de levar o caso directamente á propia Corte Suprema; e por último, a sentenza da Corte de Apelacións e Noruega, anulando a citada sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017, obrigando a iniciar todo de novo. Con isto, a situación de desprotección dos nosos emigrantes empeza a ser propia dunha agonía, tendo en conta que a súa avanzada idade e o seu delicado estado de saúde non permiten moitas demoras na resolucións do problema, mais tamén tendo en conta o que xa tiveron que pagar pola súa defensa legal tendo en conta que son persoas sen moitos recursos económicos.

En definitiva, agora é o momento de que o Estado español se comprometa, emprenda medidas legais contra o Reino de Noruega ao amparo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, precisamente para evitar que os mariñeiros emigrantes afectados queden sós na súa xusta demanda e para evitar tamén que o litixio no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos careza de sentido por morte das persoas afectadas. Pode facelo promovendo unha demanda interestatal, dado que, das dúas opcións xudiciais que en concepto de demanda ofrece o Convenio, aquí o máis vantaxoso desde todos os puntos de vista segue sendo o da demanda interestatal, ao ser máis rápido e corto no tempo. Ademais de resultar totalmente asequíbel desde o punto de vista económico



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/05/2018 11:07**  
**Nº Rexistro: 30722**

Data envío: 09/05/2018 11:07:07.123

por resultar menos custoso. Mais tamén pode facelo adoptando outras medidas legais tamén previstas en aplicación do Convenio europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tais como a intervención do Estado español como terceira parte en Demanda Individual. Nestes momentos, os mariñeiros de Long Hope xa están litigando contra o Reino de Noruega nos seus tribunais coa finalidade de esgotar a vía interna antes de acudir ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Non hai que esquecer que a estratexia procesual de Noruega consiste en dilatar o tempo con todo tipo de argucias procesuais que eviten que o asunto chegue ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Isto aconsella que sexan as propias persoas afectadas as que decidan, en función das súas necesidades e intereses, as vías legais de actuación do Estado español e o momento máis oportuno para facelo, tendo conta que do que se trata é garantir no só a vulneración dos seus dereitos de protección social chegue en tempo e forma ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, senón tamén que este tribunal resolva en favor dos nosos traballadores do mar emigrantes en buques noruegos.

Esta iniciativa ten por obxecto esixir a obriga que teñen os poderes públicos en relación coa protección das persoas emigrantes, recollido na propia Constitución española de 1978, no seu artigo 42 “ O Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro”.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/05/2018 11:07  
Nº Rexistro: 30722  
Data envío: 09/05/2018 11:07:07.123

Considera o Goberno galego que o Goberno español está a defender os intereses dos mariñeiros galegos que traballaron en buques noruegos até 1994?

Tenlle solicitado explicacións ao Goberno español de por que non ten presentado demanda interestatal contra o Goberno de Noruega para defender os intereses dos arredor de 12.000 mariñeiros embarcados en buques dese país até 1094, a pesares de o Parlamento Galego ter solicitado en varias ocasións, a través de acordos aprobados por unanimidade de todas as forzas políticas con representación no mesmo?

Que actuacións ten realizado en defensa dos dereitos dos mariñeiros galegos embarcados en buques de Noruega aos que se lles está a negar as súas pensións?

Cales ten intención realizar?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/05/2018 11:07**  
**Nº Rexistro: 30722**

Data envío: 09/05/2018 11:07:07.123

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 11:06:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 11:06:26**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 11:06:28**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 11:06:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 11:06:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 11:06:32**